




Sementeira 20

MESTRA DE OBRA



Impartida por **Sistema Lupo**

Para alumnado de
Educación Infantil, Primaria, Secundaria e FP

Temáticas:

Dereito ao hábitat

Educación en arquitectura e urbanismo

Intervencións no espazo educativo

**Desenvolvemento sustentable e enfoque
ecosocial**

Número máximo de alumnado*: **30**

Tempo de realización*:

Adaptable segundo os grupos

Posibles datas de realización:

20 de outubro ou 21 de novembro

Esta Sementeira xorde desde a experiencia de Sistema Lupo na transformación de centros educativos do territorio estatal. Nela guíase ao alumnado na análise do seu centro e entorna para que propoñan medidas e solucións para as súas problemáticas cotiás. A función será proporcionarlles as pautas para realizar a análise correctamente e que detecten as carencias e potencialidades dos distintos espazos do seu centro. Tamén se lles ensinarán ferramentas, metodoloxías e solucións sinxelas que poidan aplicar ou servir de inspiración para resolver o seu caso concreto e mellorar a calidade dos seus espazos, expondo as súas demandas e necesidades con propostas fundamentadas e estruturadas en base a criterios técnicos básicos.

O alumnado, como principal usuario dos centros educativos, é consciente do uso e distribución dos espazos e pode detectar conflitos a priori invisibles para o ollo externo. A análise revelará situacións que se poden resolver de forma sinxela cun cambio na forma de uso ou unha pequena intervención, e outras que requiran dunha actuación maior e nas que deba executarse un proxecto. Proporcionará información valiosa que pode ser tida en conta pola comunidade educativa para a mellora do centro.

O obradoiro realizarase enmarcado nun contexto de sostibilidade, eficiencia enerxética, respecto polo territorio e colaboración coa comunidade. Adaptarase ao nivel do grupo de traballo, observando como varían os resultados sobre un mesmo centro en función deste, xa que cada grupo de idade terá unhas demandas propias.

Esta Sementeira incentivará a mirada crítica e analítica do alumnado e a súa capacidade de resolución de problemas, ademais da imaxinación, traballo en equipo e habilidades comunicativas, pois terán que expor, debater e contrastar as súas opinións co resto do equipo de traballo. En consecuencia, fomentará a adquisición das competencias básicas de aprender a aprender, comunicación lingüística, matemática, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais e competencias sociais e cívicas.